

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

12572 *Real decreto 1055/2015, do 20 de novembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

O ditame motivado do 26 de febreiro de 2015 dirixido ao Reino de España no procedemento de infracción n.º 2014/2113, por non traspoñer correctamente a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre o permiso de condución, afecta tanto os artigos como varios dos anexos do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

En particular, o citado ditame pronúnciase sobre a limitación imposta polo mencionado regulamento en canto a levar pasaxeiro co permiso da clase AM ata que o seu titular teña dezaoito anos cumpridos, motivo polo que se procede a suprimir a dita prohibición; así como no que se refire á consideración do permiso BTP como unha clase de permiso de condución, aínda que sexa válido unicamente en territorio nacional, para cuxos efectos se optou pola súa supresión; e sobre a previsión de que ningunha persoa pode ser titular de máis dun permiso de condución, que foi reforzada para evitar na práctica situacións contrarias a esta.

Por outra banda, está pendente de incorporar ao noso ordenamento interno a Directiva 2014/85/UE da Comisión, do 1 de xullo de 2014, pola que se modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, modificación que afecta os anexos II e III da citada directiva.

Polo que se refire ao anexo II, eméndanse algúns erros de redacción, ben que non foi necesario recoller todos os cambios introducidos, como por exemplo certos cambios no contido da proba de control de coñecementos común e nos requisitos xerais dos vehículos que se van utilizar nas probas de control de aptitudes e comportamentos, ao estaren xa considerados na nosa normativa vixente.

En canto ao anexo III da directiva, modifícanse algunhas das aptitudes exixidas para a condución de vehículos, en concreto as referidas ás enfermidades neurolóxicas e á síndrome de apnea obstrutiva do sono.

Estes cambios da normativa comunitaria exixen reformar o anexo IV, sobre aptitudes psicofísicas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou a licenza de condución, e o anexo V, sobre probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións, do Regulamento xeral de condutores.

Por último, a posta en aplicación plena desde o día 19 de xaneiro de 2015 da Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, e sen excepcións en ningún Estado membro da Unión Europea, supón a implantación efectiva dun modelo único de permiso de condución en todos os Estados membros, cuxas características e prazos de vixencia tamén deben ser harmonizados de acordo coas súas prescricións.

Esta medida fai necesario suprimir o número 5 do artigo 15, que lle permite ao titular dun permiso de condución non axustado ao modelo único da Unión Europea, nin suxeito aos mesmos prazos de vixencia, manter o seu permiso de condución cando solicite a súa renovación en España polos motivos previstos no artigo 15.4, por canto iría en contra da citada directiva, de maneira que xa non se lle devolverá o documento orixinal que presentase e expediráselle o que xa é común en toda a Unión Europea.

Neste contexto, co obxecto de evitar a elaboración de dúas normas de distinto rango, por canto a modificación dos artigos require unha norma con rango de real decreto, mentres que a dos anexos se podería facer mediante orde, de conformidade coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, optouse por reunir nunha soa todas as modificacións.

A teor do exposto, dítase o presente real decreto polo que se modifican varios preceptos do Regulamento xeral de condutores, así como os seus anexos I «Permisos de conducción da Unión Europea», IV «Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de conducción», V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», VI «Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos» e VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos».

A modificación do anexo IV conta coa conformidade do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, por canto a reforma do dito anexo, cuxo contido se refire ás aptitudes psicofísicas necesarias para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de conducción, se debe realizar por proposta dos ministros do Interior e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Sobre esta disposición emitiu informe o Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, en cumprimento do disposto no artigo 8.2.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Modifícase o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, do seguinte xeito:

Un. Suprímese o punto 2.f) e modifícase o punto 2.a), ambos os dous do artigo 4, que queda redactado do seguinte xeito:

a) O permiso de conducción da clase AM autoriza para conducir ciclomotores de dúas ou tres rodas e cuadríciclos lixeiros, aínda que poderá estar limitado á conducción de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos lixeiros. A idade mínima para obtelo será de quince anos cumpridos».

Dous. Suprímense os puntos 2.g) e 6 e modifícanse os puntos 1.c) e 7, todos eles do artigo 5, que quedan redactados do seguinte modo:

1. «c) O permiso das clases B+E, C1+E, C+E, D1+E e D+E só se poderá expedir a condutores que xa sexan titulares dun permiso en vigor das clases B, C1, C, D1 ou D, respectivamente».

«7. O permiso das clases B, B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E non autoriza a conducir motocicletas con ou sen sidecar. Non obstante, as persoas que estean en posesión do permiso da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres anos, poderán conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa conducción autoriza o permiso da clase A1.

No suposto de que o permiso da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres anos, estea sometido a adaptacións, restricións ou outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación, para poder conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa conducción autoriza o permiso da clase A1, a Xefatura Provincial de Tráfico deberá facer constar previamente no permiso as adaptacións ou restricións que correspondan».

Tres. O punto 1.f) do artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«f) Non ser titular dun permiso de condución expedido noutro Estado membro da Unión Europea ou noutro Estado parte do acordo sobre o Espazo Económico Europeo, nin ter sido restrinxido, suspendido ou anulado noutro Estado membro o permiso de condución que posúise».

Catro. O número 1 do artigo 12 queda redactado do seguinte xeito:

«1. O permiso de condución das clases C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E terá un período de vixencia de cinco anos mentres o seu titular non faga os sesenta e cinco anos, e de tres anos a partir desa idade».

Cinco. Suprímese o número 5 do artigo 15.

Seis. O punto 1.b) do artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«b) Grupo 2. Comprende os que sexan titulares ou soliciten a obtención ou prórroga do permiso de condución das clases C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E».

Sete. Suprímese o número 3 do artigo 54.

Oito. Suprímese o número 3 e modifícase o número 1, ambos os dous do artigo 74, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. As escolas oficiais de policía que contén con autorización da Dirección Xeral de Tráfico poderán impartir a formación necesaria para a obtención do permiso de condución das clases A2 e A, para os seus efectivos policiais e, de ser o caso, para bombeiros, axentes forestais ou outros colectivos profesionais cuxa formación como condutores tivesen atribuída».

Nove. Suprímese o punto 2.d) e modifícase o punto 2.j), ambos os dous da disposición transitoria primeira, e queda redactado do seguinte xeito:

«j) O permiso da clase B2 complementado co da clase E, ao da clase B+E».

Dez. Suprímese o punto 2.c) da disposición transitoria segunda.

Once. Suprímese o parágrafo segundo da disposición transitoria terceira.

Doce. Suprímese a disposición transitoria novena.

Trece. Substitúese a representación gráfica do permiso de condución da alínea A) do anexo I «Permiso de condución da Unión Europea», pola seguinte:

«Páxina 1



Páxina 2



Catorce. Modifícase o anexo IV «Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de condución» do seguinte modo:

a) Suprímese a mención a BTP na terceira columna da segunda fila en todos os puntos relativos ao «Grupo 2» e na explicación do significado dos números entre paréntese (3) e (5) ao final do anexo.

b) Incorpórase un parágrafo inicial e modifícase o punto 2, ambos os dous no número 7 «Sistema respiratorio», que quedan redactados do seguinte xeito:

«7. Sistema respiratorio

Para os efectos do punto 7.2, entenderase síndrome moderada de apnea obstrutiva do sono cando o índice de apnea-hipopnea se encontre entre 15 e 29, e síndrome grave cando o índice sexa igual ou superior a 30, asociados en ambos os dous casos a un nivel de somnolencia excesivo durante o día».

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B+E e LCC (art. 45.1 a) (2)	Grupo 2: C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D, D+E (art. 45.1 b) e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
7.2 Síndrome de apnea obstrutiva do sono.	Non se admite a síndrome de apnea do sono (diagnosticada mediante un estudo do sono), cun índice de apnea-hipopnea igual ou superior a 15, asociado a somnolencia diúrna moderada ou grave.	Ídem grupo 1.	Nos casos sinalados na columna (2), co informe favorable dunha unidade do sono en que conste: o nivel adecuado de cumprimento do tratamento e un control satisfactorio da enfermidade, en especial da somnolencia diúrna, poderase obter ou prorrogar o permiso ou a licenza por un período de vixencia máximo de tres anos.	Nos casos sinalados na columna (3), co informe favorable dunha unidade do sono en que conste: o nivel adecuado de cumprimento do tratamento e un control satisfactorio da enfermidade, en especial da somnolencia diúrna, poderase obter ou prorrogar o permiso por un período de vixencia dun ano como máximo.

d) Suprímese o punto 6 e modifícanse os puntos 1, 4 e 5, todos eles do número 9 «Sistema nervioso e muscular», e quedan redactados do seguinte xeito:

«9. Sistema nervioso e muscular

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B+E e LCC (art. 45.1 a) (2)	Grupo 2: C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D, D+E (art. 45.1 b) e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
9.1 Enfermidades do sistema nervioso central.	Non deben existir enfermidades do sistema nervioso central que produzan diminución importante das funcións cognitivas, motoras, sensitivas, sensoriais ou de coordinación, ou movementos anormais de cabeza, tronco ou extremidades que poidan interferir no control adecuado do vehículo.	Ídem grupo 1.	Os afectados por enfermidades do sistema nervioso central, que incidan na condución nos termos establecidos na columna (2), deberán achegar un informe do neurólogo en que se faga constar: a exploración clínica e a sintomatoloxía actual, o pronóstico da evolución da enfermidade e o tratamento prescrito. Baixo criterio facultativo poderase obter ou prorrogar o permiso ou a licenza, cuxa vixencia será, como máximo, de cinco anos.	Non se admiten.
9.4 Enfermidades neuromusculares.	Non deben existir enfermidades neuromusculares que produzan diminución importante das funcións motoras, sensitivas, de coordinación, ou tremores que poidan interferir no control adecuado do vehículo.	Ídem grupo 1.	Os afectados por enfermidades neuromusculares, que incidan na condución nos termos establecidos na columna (2), deberán achegar un informe do neurólogo en que se faga constar: a exploración clínica e a sintomatoloxía actual, o pronóstico da evolución da enfermidade e o tratamento prescrito. Baixo criterio facultativo poderase obter ou prorrogar o permiso ou a licenza, cuxa vixencia será, como máximo, de cinco anos.	Non se admiten.
9.5 Enfermidade cerebrovascular.	Non se admiten os accidentes isquémicos transitorios ata transcorridos, polo menos, seis meses sen síntomas neurolóxicos.	Ídem grupo 1.	Logo de transcorrer polo menos seis meses do accidente isquémico transitorio, co informe do neurólogo en que se confirme: o diagnóstico de isquemia transitoria, a etiología probable e o tratamento prescrito, baixo criterio facultativo poderase obter ou prorrogar o permiso ou a licenza por un período de vixencia máximo dun ano. Unha vez transcorridos tres anos con estabilidade clínica, o período de vixencia determinarase baixo criterio facultativo por un máximo de cinco anos.	Excepcionalmente, transcorridos polo menos seis meses dun accidente isquémico transitorio, co informe do neurólogo en que se confirme: o diagnóstico de isquemia transitoria, a etiología probable e o tratamento prescrito, baixo criterio facultativo poderase obter ou prorrogar o permiso por un período de vixencia máximo dun ano.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar o permiso ou a licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B+E e LCC (art. 45.1 a) (2)	Grupo 2: C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D, D+E (art. 45.1 b) e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non se admiten os infartos ou hemorragias cerebrais ata polo menos doce meses despois de establecidas as secuelas. Na fase de secuela, non debe existir diminución importante das funcións cognitivas, motoras, sensitivas, sensoriais ou de coordinación, ou movementos anormais de cabeza, tronco ou extremidades, que poidan interferir no control adecuado do vehículo.	Non se admiten os infartos ou hemorragias cerebrais ata polo menos doce meses despois de establecidas as secuelas. Na fase de secuela, non debe existir ningunha alteración das funcións motoras, sensitivas, sensoriais, cognitivas nin trastornos do movemento que poidan interferir no control do vehículo.	Nos casos sinalados na columna (2), co informe do neurólogo en que faga constar: a sintomatoloxía existente, o tratamento prescrito e o pronóstico de evolución, excepcionalmente e baixo criterio facultativo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou a licenza cun período de vixencia máximo dun ano. Unha vez transcorridos tres ou máis anos con estabilidade clínica, o período de vixencia determinarase baixo criterio facultativo por un máximo de cinco anos.	Nos casos sinalados na columna (3), co informe do neurólogo en que faga constar: a ausencia de alteracións motoras, sensoriais, cognitivas ou trastornos do movemento que poidan interferir no control do vehículo, o tratamento prescrito e o pronóstico de evolución, excepcionalmente, baixo criterio facultativo, poderase obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia dun ano.

Quince. Modifícase o anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións» do seguinte xeito:

a) A alínea A) queda redactada do seguinte modo:

«A) Cadro de probas que se realizarán para obter o permiso ou a licenza de condución.

Probas					
Clase de permiso	Aptitude psicofísica	Control de coñecementos		Control de aptitudes e comportamentos	
		Común	Específica	En circuíto pechado	En circulación
AM	X		X	X	
A1	X	X	X	X	X
A2	X	X	X	X	X
A	X				
B	X	X		X	X
B + E	X		X	X	X
C1	X		X	X	X
C1 + E	X		X	X	X
C	X		X	X	X
C + E	X		X	X	X
D1	X		X	X	X
D1 + E	X		X	X	X
D	X		X	X	X
D + E	X		X	X	X
LCM (1)	X		X	X	
LVA (2)	X		X	X	

(1) LCM: licenza para conducir vehículos para persoas de mobilidade reducida.

(2) LVA: licenza para conducir vehículos especiais agrícolas autopropulsados e os seus conxuntos».

b) O punto B).1.6ª queda redactado do seguinte xeito:

«6.ª Os riscos da condución asociados aos diferentes estados da calzada, especialmente cando varíen en función das condicións atmosféricas e da hora do día ou da noite. A seguridade da condución nos túneles».

c) Suprímese o ordinal B).2.3.º

d) A alínea B).4.1.i) queda redactada do seguinte modo:

«i) Outros compoñentes viarios (en caso de existiren): glorietas, pasos ferroviarios a nivel, paradas de tranvía ou autobús, pasos de peóns, condución costa arriba ou costa abaixo en pendentes prolongadas, túneles».

e) Suprímese o punto B).4.6.

Dezaseis. Modifícase o anexo VI «Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos» da seguinte maneira:

a) O parágrafo terceiro do ordinal C).2.2.º queda redactado do seguinte modo:

«O tempo mínimo de condución e circulación destinado á proba de control das aptitudes e dos comportamentos do aspirante en circulación en vías abertas ao tráfico xeral non será inferior a 25 minutos para os permisos das clases A1, A2, B, e B+E, e a 45 minutos para os permisos das clases restantes, salvo que se acorde a interrupción e a suspensión das probas».

b) A alínea C).7.4.c) queda redactada da seguinte forma:

«c) Condución económica, segura e de baixo consumo enerxético, tendo en conta as revolucións por minuto, o cambio de marchas, a utilización de freos e acelerador (clase B, B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E, unicamente)».

Dezasete. Suprímese o punto B).6 do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos».

Dezaioito. O punto C) 2 do anexo VIII «Persoal examinador encargado de cualificar as probas de control de aptitudes e comportamentos» queda redactado do seguinte modo:

«2. Para os permisos das clases C, D e E:

Regulamentación de vehículos pesados.

Criterios de cualificación e técnicas de condución e exame».

Disposición adicional primeira. *Modificación dos anexos do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de xuño.*

Aos anexos do Regulamento xeral de condutores, a cuxa modificación se procede a través desta norma, seguiralles sendo de aplicación a habilitación prevista na disposición derradeira segunda do Real decreto 818/2009, do 8 de xuño.

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable para a condución dos vehículos prioritarios, dos vehículos que realicen transporte escolar e dos vehículos destinados ao transporte público de viaxeiros.*

A supresión do permiso de condución da clase BTP exixida para conducir vehículos prioritarios cando circulen en servizo urxente, vehículos que realicen transporte escolar cando transporten escolares e vehículos destinados ao transporte público de viaxeiros en servizo de tal natureza, todos eles cunha masa máxima autorizada non superior a 3500 kg e cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non exceda os nove, non afecta as

demais normas que poidan resultar de aplicación ás ditas actividades, con excepción da clase de permiso de condución exigible para elas.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de inferior ou igual rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición transitoria única. *Vixencia dos permisos de condución expedidos con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

Os permisos de condución expedidos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, con excepción do permiso da clase BTP, seguirán sendo válidos nas mesmas condicións ata que proceda expedir un novo permiso de condución con ocasión da súa prórroga de vixencia ou de calquera outro trámite regulamentario.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado, sobre tráfico e circulación de vehículos de motor, polo artigo 149.1.21.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/85/UE da Comisión, do 1 de xullo, pola que se modifica a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 31 de decembro de 2015.

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ